

ASISTENTES:

Aboal Somoza, Teresita
Albo López, Elena
Allegue Agüete, Pilar
Álvarez Moreira, José Ángel
Álvarez Rodríguez, Rosana
Anaya Revuelta, Inmaculada
Andrés Iglesias, Jesús
Arca Carracedo, Iván Carlos
Arias Moreira, Xosé Carlos
Badaoui Fernández, Aída
Barajas Alonso, Ángel Antonio
Barreiro Blas, Antonio
Bergantiños Cid, Gustavo
Bergareche Gros, Almudena
Blanco Pesqueira, Antonia
Bravo Bernárdez, Jorge
Bringas López, Ana
Buch Gómez, Enrique Juan
Cabaleiro Rodríguez, Lara
Cabeza Pereiro, Jaime
Cabeza Pereiro, M^a Del Carmen
Campos Casal, Jacobo
Carballo Piñeiro, Laura
Cardenal López, Antonio
Cebro Rodríguez, Juan Manuel
Cid Fernández, M^a Magdalena
Cid Fernández, Xosé Manuel
Cruces Colado, Susana
De La Torre Fraga, Daniel
De Miguel Palacios, Carlos
De Oca Cancela, Guillermo
Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Dominguez Martín, Jorge
Estévez Toranzo, Margarita
Fandiño Alonso, Jaime Francisco
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Gándara, Domingo
Fernández Souto, Ana Belén
Fonseca Bon, Cecilio
Fraiz Brea, José Antonio
Gago Rodríguez, Alberto
Gallego Veigas, Pedro Pablo
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Cutrín, Francisco Javier
García Estévez, José Manuel
García Gil, Soledad
García Mateo, Carmen
García Soidán, María Del Pilar
García Vázquez, José Manuel
Garrido Suárez, Carlos
Giménez De Cal, Álvaro Javier
Godoy Malvar, Eduardo
González Cespón, José Luis
González Crespán, M^a Araceli
González Estévez, Emilio José Antonio
González Pillado, Esther
González Piñeiro, Luis
González Vázquez, Encarnación
Graña Rodríguez, Ana María
Hernández Sánchez, Jesús
Iglesias Briones, María Jesús
Lago Fernández, Sara
Lago Ferreiro, Alfonso
Lago Teijeiro, Juan Miguel
Legido Soto, José Luis
Lemos González, Yohana
Lence Madarro, Fernando
Liste Fernández, Araceli Mercedes
López Vidal, María Del Pilar
Lorenzo Cimadevila, Enrique
Macías Cambra, Enrique Antonio
Martí Pellón, Daniel
Martín Lucas, Belén

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 20 de decembro de dous mil sete, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O xoves, **día 20 decembro de 2007**, ás 10:30 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 14 de febreiro de 2007.
2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 61 dos Estatutos da Universidade de Vigo.
3. Aprobación, se procede, dos Regulamentos de Réxime Interno do Consello de Campus de Ourense e de Pontevedra.
4. Aprobación se procede, da modificación do Regulamento de Centros Adscritos.
5. Elección do seguinte posto vacante no Consello de Goberno:
Sector Decanos/Directores: 1
6. Elección dos seguintes postos vacantes na comisión para a adaptación dos Estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU:
Sector Estudiantes: 3
7. Elección dos seguintes postos vacantes nas comisións para a elaboración de regulamentos:

COMISIÓN N^o 1: Regulamento de réxime económico e contratación.
Regulamento de PAS.

Sector estudantes: 4

COMISIÓN N^o 3: Regulamento de profesorado.

Sector estudantes: 5

COMISIÓN N^o 4: Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia.
Regulamento de institutos universitarios.

Sector outro persoal docente e investigador: 1
Sector estudantes: 3

Martínez Piñeiro, Ana Belén
 Membiela Iglesias, Pedro
 Mojón Ojea, Artemio
 Mollinedo Lois, Carlos
 Montero Muñoz, María
 Morán Martínez, M^a Paloma
 Moure Rodríguez, María José
 Nombela Castaño, Miguel Ángel
 Otero Camiña, José Luciano
 Palacio Sánchez, Xosé Antonio
 Pardo Froján, Juan Enrique
 Pazó Martínez, M^a Consuelo
 Pérez Iglesias, M^a Teresa
 Pombal Diego, Manuel Ángel
 Porteiro Fresco, Jacobo
 Prada Blanco, Albino
 ● Quintela Vilariño, Francisco José
 Reigosa Roger, Manuel Joaquín
 Rodríguez Berrocal, Francisco Javier
 Rodríguez Sampayo, Arturo
 Sáez Ocejo, José Luis
 Sánchez Bello, Patricio Alfredo
 Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
 Sieiro Vázquez, Carmen
 Suárez Pazos, Mercedes
 Sueiro Justel, Joaquín
 Tejeira Bautista, Marta
 Terán Moldes, M^a Del Carmen
 Tojo Suárez, M^a De La Concepción
 Torres Vázquez, Luis
 Vallejo Posada, Rafael
 Vázquez Vicente, Xosé Henrique
 Vera Isasa, María
 Vila Alonso, M^a De Las Mercedes
 Vila Pumares, Cristina
 Yáñez López, José Carlos

DESCULPAN ASISTENCIA:

Búa Aguiñ, Sabela
 Cancela Carral, José María
 Carballo-Calero Ramos, M. Victoria
 De Lorenzo Rodríguez, Edita
 García Soidán, José Luis
 Gómez Rodríguez, Alma María
 Pose Blanco, José
 Rama Martínez, M^a Esperanza

COMISIÓN N^o 5: Regulamento de centros.
 Regulamento de departamentos.

Sector estudantes: 3

Sector persoal de administración e servizos: 1

COMISIÓN N^o 6: Regulamento de tribunal de garantías.

Regulamento de réxime disciplinario.

Sector outro persoal docente e investigador: 1

Sector estudantes: 4

Sector persoal de administración e servizos: 1

8. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 14 de febreiro de 2007.

Ante a pregunta do reitor se existe algunha obxección á acta, intervén o Prof. Yáñez para sinalar que no claustro anterior fixo unha pregunta ao reitor sobre o plan especial de desgravación, que figura na acta, para os titulares de escola universitaria, e que pese a comprometerse o reitor a darlle unha contestación, non o fixo. Ante esta cuestión o reitor sinala que esta observación non ten nada que ver coa aprobación da acta e lle insta para que reitere esa pregunta no punto da orde do día de rogos e preguntas.

Apróbase a acta por asentimento.

Punto 2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 61 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

De acordo co establecido no artigo 61 dos Estatutos da Universidade de Vigo, o reitor presenta diante do Claustro o informe anual. Trátase dun informe de xestión, é dicir, basicamente referido aos programas en execución ou executados durante o exercicio 2007. Pero como algúns asuntos terán continuidade e repercusións sobre 2008 e seguintes exercicios, tamén dirá algo sobre actuacións, programas e iniciativas para o inmediato futuro.

O informe de xestión que presenta vai centrarse en 5 asuntos especialmente relevantes:

- En primeiro lugar, referirase aos cambios acontecidos no que respecta á reforma das titulacións e ao calendario e fases de actuación previstas para o período 2008-2010.

- En segundo lugar, pasará revista ás principais iniciativas referidas a infraestruturas docentes, administrativas e de investigación.

- En terceiro lugar, dará conta de diversos asuntos de carácter laboral e xerencial, que teñen acontecido durante o ano 2007.

- Fará relación, en cuarto lugar, da política orzamentaria para 2008 e comentará o compromiso recentemente anunciado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de revisar o plan de financiamento das universidades galegas cos obxectivos de incrementar a súa dotación, estender a súa vixencia e modificar algúns dos seus contidos, no sentido típico dun contrato programa.

- E, por último, revisará os asuntos pendentes, comezando pola elaboración de diversos documentos de profesorado e I+D, e pola presentación inminente do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo para o período 2008-2013.

Comeza, referíndose en primeiro lugar, ao proceso de adaptación ao EEES e ás iniciativas adoptadas pola Universidade de Vigo neste sentido.

1. O proceso de adaptación ao EEES e de reforma das titulacións.

Despois de varios anos de dúbidas, este proceso de reforma acabou collendo unha velocidade de cruceiro en 2007, a partir da aprobación da Lei de reforma da LOU, no pasado mes de abril.

Cumprindo prazos, o MEC aprobou o Real Decreto de Grao e Posgrao, que desencadeou logo a aprobación das “liñas xerais” para a reforma de titulacións da Xunta de Galicia, do pasado mes de novembro, o que, á súa vez, permitiu iniciar os cambios normativos na Universidade de Vigo, previos ao inicio do proceso de elaboración dos plans de estudo dos novos títulos, a partir do vindeiro mes de febreiro.

Antes de detallar o calendario de actuacións que estas normas propoñen para o vindeiro trienio, fai unha reflexión xeral sobre o que implican.

Debe quedar claro que non se está iniciando unha reforma máis de planos de estudo, senón algo moi distinto e moito máis ambicioso.

Porque:

- En primeiro lugar, esta reforma persegue un obxectivo de homologación europea que nos obriga a cambiar as metodoloxías docentes e as unidades de medida. Se se traballa cos novos créditos ECTS, é necesario facer unha proposta docente distinta, que á súa vez debe reflectirse nos PODs e na forma de definir a dedicación ás novas actividades dos docentes.

- En segundo lugar, a reforma afecta a todos os títulos, o que nos obriga a pensar na secuencia completa de grao, máster e doutoramento. Debe recordarse, neste sentido, que os novos títulos de grao deben incluír “ensinanzas básicas”, sendo reservadas para os másters as “ensinanzas profesionalizantes” e para o doutoramento a “formación investigadora”. Mais tarde volverá sobre este tema.

- En terceiro lugar, e como consecuencia, non estamos diante dun simple cambio ou adaptación dos planos de estudo actuais, que deixaría todo o demais igual. Se algún centro aborda a reforma deste xeito estaría cometendo un grave erro e desaproveitando unha evidente oportunidade de actualizar a súa oferta e, por extensión, a da universidade. Polo contrario, cambian os títulos e a

súa función, e polo tanto, obxectivos, duración, contidos e metodoloxía para impartilos. Neste sentido, a aparición dos másteres como título público permite unha cadencia distinta na organización das ensinanzas e unha maior coherencia entre as distintas funcións, xeralista e profesionalizante, da universidade.

Na opinión do reitor, este último cambio é crucial para reformar de verdade a oferta universitaria.

Por dous motivos :

a) Primeiro, porque clarifica definitivamente os dous obxectivos da docencia universitaria e os asigna a títulos diferenciados. As ensinanzas básicas, ao título de grao; as ensinanzas de especialización, ao título de máster. En consecuencia, deixan de ter sentido os vellos debates e enormes esforzos dedicados ao que nos actuais planos de estudo se chaman itinerarios, ramas, especializacións, etc. No novo escenario de títulos universitarios que estamos a construír, todo isto ten un nome: máster.

b) E, en segundo lugar, a incorporación do máster profesionalizante como título público é moi importante pola oportunidade que nos dá de implicarnos co noso entorno social e produtivo. Podemos e debemos interesar e implicar as institucións e empresas na definición da nosa oferta dos másteres, na súa organización docente, na impartición de módulos especializados, na programación de prácticas profesionais, na realización de proxectos fin de máster, etc. E non me cabe dúbida: se isto funcionase, pouco se tardaría en ter proxectos conxuntos nos que tamén participasen eses mesmos estudantes.

O que se iniciou en 2008, polo tanto, é un proceso bastante máis ambicioso e complexo que o das reformas de plans de estudo ás que estamos habituados.

Fala agora das normas, dos procesos e dos ritmos. Na normativa estatal e autonómica defínese con claridade un calendario reformista que abarca o próximo trienio e que está ordenado en dúas fases:

Primeira fase: desde novembro de 2007 a setembro de 2010. Nesta fase haberá que reformar todos os títulos actuais, para adaptalos ás novas normas. Os cambios na oferta serán debatidos a nivel de todo o SUG, buscando unha maior especialización e diversificación. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria levará a responsabilidade desta tarefa, tratando de poñer de acordo ás tres universidades. No inicio do curso 2010-2011, xa non se poderá matricular nos primeiros cursos dos títulos antigos.

Segunda fase: de 2010 en diante volverá a abrirse o mapa de titulacións para incorporar novos títulos que completen a oferta do SUG. Ata ese momento, polo tanto, escusamos presentar este debate.

Á súa vez, a primeira fase, hasta setembro de 2010, divídese nas “liñas xerais” do Consello Universitario de Galicia en tres etapas :

Primeira etapa (ata o 15 de febreiro de 2008, para implantar novos títulos en setembro de 2008): só poderán iniciar a reforma as titulacións exclusivas do SUG, que ademais superen os requisitos de matrícula. Enténdese, polo tanto, que estas titulacións non necesitan discusión. Teñen

prazos moi curtos para adaptarse e deberán traballar con algunhas incertidumes, pero poden iniciar o proceso se o desexan.

Polo momento, na Universidade de Vigo teñen decidido intentalo as Licenciaturas de Belas Artes, Ciencias do Mar e Enxeñaría de Minas, mentres que Tradución e Interpretación está aínda en debate. Por descontado, contarán con todo o apoio deste equipo reitoral. Pero, en todo caso, teñen a tranquilidade de que se non chegan, teñen o traballo feito para a segunda etapa, que comezará a continuación.

Segunda etapa (desde febreiro ata outubro de 2008, para implantar novos títulos en setembro de 2009): abordarán a reforma todo o resto de títulos que superan os requisitos de matrícula, pero non son exclusivos, e, polo tanto, requiren debate interno dentro do SUG. Ademais, poden participar nesta etapa o resto de títulos se presentan plan de viabilidade e hai acordo global para eles entre as tres universidades do SUG.

Terceira etapa (ata outubro de 2009, para implantar os novos títulos en setembro de 2010): á última etapa pasarán os títulos que non se tivesen resolto na etapa anterior. Isto significa que nin cumpren os requisitos de matrícula, nin se alcanzou para eles un acordo previo entre as tres universidades. A Consellería de Educación terá a responsabilidade neste caso de promover a discusión e acadar un acordo global para todo o SUG.

O proceso pode acabar de entenderse se temos en conta os elementos que faltan e o seu respectivo calendario:

1. A Xunta de Galicia anunciou a aprobación para o vindeiro mes de xaneiro dunha norma adicional que definirá para todo o SUG o valor do crédito ECTS e, polo tanto, a súa repercusión nos cadros de profesorado. Traballa con tres formatos de materias, con niveis distintos de docencia en grupo reducido.

2. Así mesmo, a Xunta de Galicia ven de anunciar a reforma do actual plan de financiamento das universidades galegas, que incluírá, entre outros obxectivos, o financiamento adicional para o proceso de adaptación ao EEES. O novo plan debe estar listo en xuño de 2008, para que poida ser incorporado nos orzamentos de 2009.

3. Desde fai uns días, está colgada na nosa páxina web un borrador de normativa da Universidade de Vigo, que pretende regular o proceso de reforma de planos de estudo a nivel interno, é dicir, naqueles aspectos (como o método de traballo, comisións de elaboración, tipos e duración das materias, calendario, etc.) que non están regulados nas normas estatal e autonómica. A nosa intención é que poida ser consultado, avaliado e emendado pola comunidade universitaria, antes de levalo ao Consello de Goberno.

4. Simultaneamente a todos estes cambios, a oferta de másteres seguirá consolidándose de xeito progresivo. Nesta convocatoria temos enriba da mesa 17 novas propostas, que fan unha oferta para o curso entrante de 31 títulos de máster. E nos gustaría que isto seguise ocorrendo así mentres dura a reforma dos planos de estudo de grao, de maneira que a súa conclusión puidésemos dispoñer dunha oferta completa e plenamente consolidada.

Por descontado, no escenario que lles acabo de debuxar subsisten incógnitas aínda non despexadas e máis dunha incertidume. Pero as cousas comezan a clarificarse e permiten intuír xa o final do proceso.

Neste sentido, a posición do equipo de goberno foi sempre de transmitir e suxerir tranquilidade, non sempre con moito éxito, hai que recoñecelo. E por iso se insiste nos seguintes enunciados:

- Non é esta unha reforma que teña como obxectivo pechar titulacións, ou reducir custos ou cadros de persoal. As universidades non arranxamos nada con ter grupos de “prexubilados excelentes”. Pero son certas dúas cousas: primeira, que a reforma esixe mínimos e, a partir deles, cambios (por agrupamento, por especialización, pola referencia a ámbitos interuniversitarios, etc.); segunda, que a reforma permite cambiar e substituír, si os centros e as universidades queren facer apostas innovadoras.

- Non é esta unha reforma que poña en cuestión os títulos establecidos e homologados a nivel internacional, nin que obrigue a facer grandes innovacións rebuscadas en nomes, perfís ou contidos.

- Sen embargo, si é unha reforma radical nun dobre sentido: primeiro, polos cambios na metodoloxía docente que implica a utilización dos novos créditos ECTS; e, segundo, polos cambios na oferta pública que supón a incorporación dos novos títulos de máster.

Estes son os aspectos básicos da reforma e neles se van centrar os esforzos do equipo de goberno. Con calma, tendo claro que corresponde en cada etapa e, sobre todo, non esquecendo nunca os elementos substantivos que se acaban de mencionar.

2. Principais proxectos executados ou en execución.

O exercicio 2007 foi singular polo que respecta a algúns fitos destacados no conxunto das iniciativas previstas. No campus de Ourense están a finalizar as obras do Centro de Investigación CITI e van a boa marcha as da piscina. No campus de Pontevedra, completouse a segunda fase do Edificio de Ciencias da Educación e do Deporte. No campus de Vigo avanzouse nas obras da nova Biblioteca de Ciencias e do Módulo Tecnolóxico Industrial, e iniciáronse as correspondentes á ampliación do CACTI, ao Módulo Bio-Sanitario e a segunda fase da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla.

As previsións de calendario non puideron ser cumpridas no caso do proxecto das “vías elevadas”. Efectivamente, saíu a concurso en 2007, como estaba previsto, pero aínda se está analizando con todo coidado a execución da primeira fase, simultaneamente á planificación e ao proxecto da segunda.

Tampouco no tema das garderías puidemos avanzar o que quixemos. Primeiro, por dificultades urbanísticas diversas. Na actualidade se impoñen unhas condicións aos edificios de gardería (de illamento, de acceso, de dotación, etc.) que chocan cos plans de usos previstos nos campus. E segundo, porque a vinculación ao programa de Galescolas está a traer como consecuencia unhas dificultades e un ritmo que nós non podemos controlar.

Así mesmo, durante 2007 houbo outras iniciativas de interese, que merecen ser destacadas:

- En primeiro lugar, a sinatura do convenio coa Xunta de Galicia para financiar o 50% das inversións de CITE XVI, por importe de 5 millóns de euros. Isto fai que CITE XVI se reforce extraordinariamente cara ao obxectivo de aglutinar iniciativas públicas e privadas de I+D e de botar

adiante o Parque Tecnolóxico-Universitario de Vigo. As obras de CITE XVI comezaron fai dous meses e teñen a súa finalización prevista no primeiro trimestre de 2009.

- En segundo lugar, o éxito acadado nas convocatorias competitivas co proxecto de Módulo de Investigación Biomédico. A súa construción, por importe de 6,8 millóns de euros, iniciárase en 2008 á beira de CITE XVI, cunha previsión temporal bastante parecida.

- E, por último, o inicio do plan de control de accesos na Universidade de Vigo. Este plan supón o control nos accesos principais dos edificios mediante a tarxeta universitaria. Na súa primeira fase está sendo implantado nos edificios da Reitoría, Xerencia, Biblioteca Central e Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. En 2008, este plan contará cunha dotación orzamentaria de 350.000 € e será estendido a varios centros dos tres campus.

3. Asuntos de carácter laboral e xerencial.

Como saben vostedes, 2007 foi un ano difícil no que respecta ás relacións laborais e xerenciais. Despois de diversos avatares, alcanzouse un acordo que se concretou no II convenio laboral de PAS da Universidade de Vigo, publicado no DOG do 27 de xullo de 2007. O art. 35 deste convenio establece un procedemento para avaliar postos e retribucións, coa finalidade de estudar a homologación retributiva entre PAS Laboral e Funcionario. Atopámonos na fase final dese estudo, que debe ser entregado nun prazo máximo de 35 días naturais, e que, ademais, incluírá un diagnóstico global de cadros de persoal, postos e funcións a entregar no prazo máximo de 7 meses.

Os avatares alcanzaron tamén á xerencia da Universidade. O ano comezouse con D. Manuel Castro Oliva como xerente. A súa dimisión en abril foi seguida por un período no que asumiu a xerencia de xeito provisional un equipo de funcionarios da institución integrado por :

- D. Antón Vidal Andión, como xerente
- E D. Jesús Graña e D. José González Groba, como vicexerentes.

Quero aproveitar a oportunidade para agradecer a este equipo xerencial saínte a súa axuda e o seu compromiso en favor da institución en momentos delicados. O seu paso ao fronte foi sempre enunciado de xeito provisional, pero dérono cando facía falta, e con calma e sentido común foron normalizando a vida laboral e xerencial da institución.

Mentres tanto, durante 2007 tomaron posesión dos seus cargos as vicexerentes dos campus de Ourense, dona Beatriz Cuiña, e Pontevedra, dona Angeles Hermida. Este foi un compromiso electoral que podíamos cumprir sen máis demora e quixemos facelo aínda sen ter incorporado a nova xerencia.

Neste sentido, no Consello de Goberno de antonte, 18 de decembro de 2007, presentouse polo reitor unha proposta de nova xerencia, que deberá ser avaliada polo Consello Social do vindeiro día 27, e que está integrada por Dona Ana Fernández Pulpeiro como xerente, quen dirixirá un equipo integrado por 5 vicexerencias cos seguintes contidos funcionais:

- Vicexerencia de Planificación e Xestión Económica.
- Vicexerencia de Recursos Humanos.
- Vicexerencia de Sistemas e Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Vicexerencia de Xestión Académica e do Campus de Pontevedra.

- Vicexerencia do Campus de Ourense.

Equipo no que terán continuidade as actuais vicexerentes dos Campus de Pontevedra e Ourense, dona Angeles Hermida e dona Beatriz Cuiña.

O novo equipo xerencial, polo tanto, estará composto por unha xerenta e cinco vicexerentes. Se o criterio do Consello Social é favorable a esta proposta, tomarán posesión dos seus cargos na primeira quincena do vindeiro mes de xaneiro de 2008.

4. A Política Orzamentaria para 2008.

Despois de falar do executado, avanza o reitor a política orzamentaria para 2008. En primeiro lugar, aporta algúns datos que permiten situar onde estamos a nivel orzamentario :

Propúxose ao Consello de Goberno un orzamento de 174 millóns de euros, dos que 114 proceden do Plan de Financiamento (66%), é dicir, da Xunta de Galicia, 15 de Taxas e Prezos (8,5%) e 30 de fontes competitivas externas (17%).

Con respecto a 2007, os ingresos medran un 14%, porcentaxe que pasa a ser dun 8% se restamos o incremento de ingresos por captación de fondos externos competitivos.

Por último, no que respecta aos gastos, a distribución entre correntes e de capital é dun 68-32%, respectivamente; destes últimos, o 95% son inversión directa; e o saldo entre ingresos e gastos correntes de novo é positivo en 2008, o que permite facer aforro público para dedicar á inversión.

En definitiva, temos unha situación financeira saneada, como en exercicios anteriores, pero elo non significa que se poidan financiar todos os proxectos pendentes e, polo tanto, é necesario escoller. Esta escolleita é presentada no documento orzamentario como o seguinte conxunto de liñas preferentes de gasto para 2008:

a) Mellora salarial, compromiso coa estabilidade e programa propio de promoción.

Esta liña inclúe o financiamento dos diferentes conceptos salariais de PDI e PAS, dos acordos acadados nas diferentes mesas de negociación, dos custos da promoción do cadro de persoal actual, da incorporación ás pagas extraordinarias do complemento de destino e complemento específico e do programa propio de promoción a contratado doutor, que para 2008 aumenta a súa dotación de 10 a 12 prazas, co obxectivo de estender o programa a 15 prazas en 2010. En conxunto, o capítulo I dos orzamentos da Universidade de Vigo para 2008 medra en 8 millóns de euros, a unha taxa de crecemento do 10%.

b). Dotación de infraestruturas.

Esta segunda liña preferente na política orzamentaria de todos os exercicios, inclúe para 2008 diversas infraestruturas xerais, docentes e administrativas, e de investigación .

En canto ás infraestruturas xerais, destacan as previsións orzamentarias para atender os proxectos das escolas infantís nos tres campus, iniciando así un camiño propio neste terreo. Ademais, comezarase a elaborar coas direccións e decanatos dos centros o primeiro plan de

adaptación de instalacións ao EEES e a aplicación de novos criterios de eficiencia enerxética, climatización e xestión ambiental nos actuais edificios.

Por outra banda, no campus de Pontevedra iniciase a seguinte fase da construción da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte; no de Ourense, finalizarase a piscina e a urbanización do CITI; e, en Vigo, acabárase a Biblioteca de Ciencias e continuarase co proxecto das vías elevadas. En conxunto, 11,7 millóns de euros, cifra na que se inclúen un bo número de actuacións de reforma e adaptación nos edificios vellos.

Polo que respecta ás infraestruturas de investigación, executamos 13,5 millóns de euros, basicamente aplicadas á dotación de instalacións do CITI, á segunda fase da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla, ao Módulo Bio-Sanitario, ás novas instalacións do CACTI, a finalización do Módulo Tecnolóxico-Industrial e ao inicio das obras do Módulo Bio-Médico.

En conxunto, máis de 25 millóns de euros en todo tipo de infraestruturas, das que máis da metade están financiadas con recursos externos.

c) Plan de adaptación ao EEES e de reforma das titulacións.

A adaptación ao EEES e a reforma dos títulos teñen unha repercusión horizontal sobre todo o orzamento, incluíndo capítulo I de maneira directa, capítulo II (gasto corrente), obras de adaptación a través da Unidade Técnica (capítulo VI) e parte no programa de desgravacións docentes ao que logo me referirei. Hai, ademais, 600.000 euros consignados no programa 300C (centros) para financiar os másters. E de maneira específica se define un programa orzamentario, o 211L, cunha dotación por riba dos 600.000 euros, e unha taxa de crecemento do 116%.

Este programa financia tres eixos fundamentais de actuación: os proxectos piloto de adaptación ao EEES, que se atopan probablemente no seu último ano de experiencia; a implantación dos novos títulos de máster universitario; e o apoio aos centros no proceso de reforma dos novos plans de estudo dos títulos de grao. A destacar tamén neste ámbito a posta en marcha do Programa Tempos, destinado a atender as iniciativas de virtualización, difusión e xestión dos novos títulos de máster.

d) Plan de desgravacións por actividades docentes e de investigación.

Esta liña, que iniciamos o ano pasado, ten continuidade no orzamento 2008 cunha previsión de gasto por riba do millón de euros. Este ano, ademais do incremento das desgravacións previstas para os equipos directivos en base a datos de xestión, as principais novidades no ámbito docente refírense aos proxectos fin de carreira e á elaboración de novos planos de estudo; e no ámbito da investigación, ás desgravacións asignadas por sexenios, por grupos de referencia e por proxectos europeos.

e) Outras liñas de interese.

Hai, por último, outras liñas de interese que atopan tamén o seu oco no orzamento do 2008 e merecen ser mencionadas :

- Programa de Mobilidade Internacional, con cifras obxectivo moi importantes (participación de máis de 600 estudantes e 100 profesores da Universidade de Vigo), ao que en 2008 dedicaremos 2,2 millóns de euros, cunha taxa de crecemento do 23%.

- Plan de Calidade Docente, con incidencia en centros e departamentos, ao que asignamos 1,6 millóns de euros, cun crecemento do 15%.
- E Plan SUMA, que inclúe estudos de eficiencia e sostibilidade enerxética, actividades de reciclaxe, reutilización de residuos, estudos de contorno natural e patrimonial, etc., e que por primeira vez entra en previsión orzamentaria, cunha dotación inicial de 300.000 euros .

Un novo plan de financiamento do SUG para o período 2009-2013.

O actual plan de financiamento das universidades do SUG ten unha vixencia prevista ata o exercicio 2010, inclusive. Sen embargo, catro anos despois da súa aprobación, a posición das universidades e as demandas que se nos trasladan a cotío teñen mudado tanto que o plan xa quedou obsoleto. As universidades levamos explicando esta realidade desde fai máis dun ano, e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria semella que subscribe os nosos argumentos ao anunciar que está disposta a abordar a reforma do actual plan de financiamento, asumindo obxectivos máis ambiciosos.

En xaneiro creárase unha comisión, integrada polas Consellerías de Economía e de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas, co encargo de elaborar en 6 meses un novo plan de financiamento con fondos adicionais, novos obxectivos e mecanismos de contrato-programa con financiación condicionada a resultados. É dicir, o que se pedía: fondos públicos adicionais, condicionados a actividades e ratios básicos (novos títulos implantados, centros e títulos acreditados, taxas de rendemento escolar, resultados de investigación, programas de mobilidade, etc.).

Se este compromiso público ten confirmación como todos agardamos, o orzamento de 2009 debe reflectir xa as primeiras consecuencias. En todo caso, abriríase un novo escenario de estabilidade e certidume para as universidades galegas, que é o ben máis prezado para poder facer unha boa planificación.

5. Outras propostas e asuntos de interese.

Ademais do comentado, hai outros asuntos pendentes, de relevancia estratéxica, que serán sometidos a debate no inmediato futuro e resultarán como consecuencia en documentos de posición da Universidade de Vigo.

A) En primeiro lugar, o plan estratéxico da Universidade de Vigo. O Plan Estratéxico atópase na súa última etapa de elaboración e contamos con que estea listo para ser presentado ao Claustro durante o mes de febreiro.

B) O plan estratéxico inclúe un documento de I+D que nos gustaría desenvolver con máis detalle e sometelo a debate na comunidade universitaria. Creemos que isto pode ocorrer tamén no primeiro cuadrimestre de 2008.

C) Por último, as Comisións de Claustro seguen traballando na elaboración dos regulamentos. O goteo de normas estatais e autonómicas está impedindo progresar ao ritmo pretendido. Pero 2008 deberea ser a referencia polo menos para a reforma dos Estatutos da

Universidade de Vigo e para os Regulamentos de Estudantes e Exames e de Centros e Departamentos.

Isto foi o máis salientable que deu de si o exercicio 2007, ademais tamén relatou o reitor principais liñas de traballo para 2008. No medio de todas estas iniciativas e actuacións, por suposto, ten habido de todo: erros e acertos. Para responder dos primeiros, ou para dar explicacións adicionais sobre algunhas das cuestións presentadas, se pon a continuación a disposición de todos os claustrais.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Cebro que se refire primeiramente á preocupación que lle produce a adaptación ao espazo europeo de educación superior no relativo á xestión, que é o que compete ao persoal de administración e servizos, en concreto ao servizo de alumnado, ás seccións de terceiro ciclo e grao, máster e posgrao. Considera que é necesaria unha coordinación entre todos os servizos, que leve a cabo a secretaría xeral. Tamén considera imprescindible que se poñan en marcha accións formativas nos tres campus. A maiores, entende tamén un cambio nos servizos informáticos, destacando que o XESTA está obsoleto e non responde as necesidades actuais.

Refírese o Sr. Cebro, en segundo lugar, ao novo equipo xerencial e reitera o agradecemento que xa fixo no Consello de Goberno ao equipo xerencial saínte, polo clima de diálogo creado durante esa etapa e pola súa dispoñibilidade para chegar a acordos. Manifesta a súa confianza en que o novo equipo veña coa mesma idea de diálogo. En relación a este novo equipo pregunta ao reitor cales van ser as funcións dos vicexerentes de campus, posto que non poden chocar coas funcións que lle asignan a LOU e os Estatutos ao xerente, así como as funcións delegadas no decreto de delegacións. Fala tamén o Sr. Cebro do art. 35 do convenio colectivo que establece o procedemento para avaliar postos e retribucións, coa finalidade de estudar a homologación retributiva entre PAS laboral e funcionario, e distingue, dun lado, o estudo que deberá ser entregado nun prazo máximo de 35 días naturais, e doutro, a auditoría que estará feita no prazo máximo de 7 meses. Ofrece ao novo equipo xerencial toda a vontade e o apoio por parte de xunta de persoal, a cambio pide diálogo cos órganos de representación, e anuncia que se vai pedir unha reunión co novo equipo xerencial.

Por último, refírese o Sr. Cebro aos orzamentos, que considera deberían discutirse no Claustro como máximo órgano de representación para que se puideran facer aportacións e suxerencias. Xa entrando no contido dos orzamentos, alude á acción social para sinalar que no convenio colectivo e no acordo da xerencia coa xunta de persoal para 2008 marcouse o 1,5 % do capítulo I para acción social, o que non aparece reflectido nos orzamentos.

Intervén seguidamente o Prof. Legido, que inicia a súa exposición sinalando que o feito polo reitor non lle parece un verdadeiro informe xa que en lugar de facer un resumo da súa actividade, fixo un relato de normas e decisións doutros órganos e moitas das medidas das que falou non son de carácter político para o ano que ven. Entrando xa no contido concreto do informe, refírese a varios asuntos: no relativo á adaptación ao espazo europeo de educación superior, considera que o que queren saber os claustrais é que se fixo realmente nos centros, posto que no informe do reitor non se fai referencia a todo o que están facendo moitos profesores. O mesmo en relación aos POPs. O reitor chama á calma e á tranquilidade, pero os problemas teñen que ser resoltos.

No relativo ás infraestruturas, considera que sempre se están acabando obras, e de moitas delas xa se falou o ano pasado. En relación ás garderías, o tema da conciliación segue sen resolverse e é moi importante. No que respecta á financiación de CITEXVI, aínda que o que dí o reitor soa ben, non podemos esquecer o que pasou con CUSA, cuxas consecuencias estamos pagando. Refírese tamén á compra do teatro, que supón unha inversión que esquece as prioridades da universidade, como é o PAS colapsado en determinados servizos e o persoal de investigación hacinado nos laboratorios. Tampouco considera que as pasarelas vaian resolver os problemas de aparcadoiro.

No que respecta á xerencia, entende que é unha peza clave para a universidade, pero o modelo de xerencia é entendido de forma diferente á súa. Considera necesario investir en recursos humanos e apoiar aos servizos con persoal.

En relación ao orzamento, entende que os 3,5 millóns de euros das pasarelas non van resolver os problema reais. E reitera o dito xa noutros claustros sobre a incomodidade do paraninfo.

Refírese tamén ao apoio ás desgravacións, o que supón un plantexamento sobre o que non está de acordo posto que entende que no POD ten que figurar toda a actividade que fai un profesor. A maiores sinala que na política de desgravacións, inclúese diñeiro da Xunta de xeito que o esforzo do equipo de goberno non é significativo.

Por último, alude tamén ao plan estratéxico que tería que estar presentado nos tres meses despois da toma de posesión e se di que se vai presentar en febreiro. Finaliza a súa intervención aludindo á chamada do reitor á calma e tranquilidade para recordarlle que os problemas téñense que resolver.

Intervén seguidamente o Prof. Sánchez para facer unha observación sobre a intervención do reitor en relación ao grao como formación básica e o máster como especialización e pregunta se despois do grao non deberían estar o alumnos preparado para exercer a profesión.

Pide a palabra o Sr. Rodríguez Sampayo para solicitar transparencia na mobilidade do PAS posto que neste momento non hai convocatoria pública e, a maiores, o diñeiro de que se dispón é moi pouco.

Rematadas as intervencións dos claustrais, resposta o reitor nos seguintes termos:

Comparte a idea de que a adaptación ao espazo europeo de educación superior é un reto tamén burocrático e organizativo por esa razón o novo equipo xerencial contará con dous vicexerentes de Planificación e Xestión Económica, e de Sistema de Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Tamén considera que debe modificarse o XESTA e o XESTICONTA e anuncia que a Xunta quere crear un consorcio coas tres universidades galegas e a axencia de calidade. Pode que no 2008 se chame á Universidade para un consorcio obrigatorio.

Tamén comparte o diagnóstico coa formación e pide á nova xerencia un plan de formación.

Respecto das vicexerencias de campus, reitera o xa sinalado no Consello de Goberno, en canto se trata de que asuman todas as que se poida sempre dentro do respecto da normativa vixente.

En relación aos compromisos pendentes en materia xerencial haberá que facer unha axenda coa nova xerenta.

Xa en resposta das observacións e comentarios do Prof. Legido, en relación ao tipo de informe, sinala que fixo o informe como lle pareceu mais axeitado con toda a información remitida polo equipo de goberno.

No que respecta aos programas piloto de adaptación ao espazo europeo, sinala que neste momento hai oito en marcha, destaca a gran dose de voluntarismo por parte dos profesores que participan neles e recoñece que non houbera estado de mais agradecerlles aos profesores esa colaboración. Pide desculpas por elo.

Nos problemas de xestión dos POPs, o xerente buscou unha solución, é recoñece que a el non lle gustou, pero que o aceptou e agora tratase de ver como funciona.

No apartado das obras, alega que el non pediu calma para as mesmas, pero no caso das vías elevadas trata de ser prudente debido a que é unha obra complicada. En canto as garderías, seguiu un camiño que despois se cegou, asume a responsabilidade que lle corresponde pero alega que xa está no orzamento unha cantidade para afrontar outro camiño.

Sobre o tema de xerencia, o reitor sinala que para el a estrutura do novo equipo xerencial, da mostras do importante que é para el o tema dos recursos humanos. Dende o ano 2002 ao ano 2007 se pasa dun orzamento de 80 millóns de euros a 174, e este ten que reflectirse nun reforzamento da xerencia. Se funciona ben será a mellor inversión e redundará no funcionamento de todos os servizos.

No relativo aos orzamentos, insiste en que o aumento do 14% é moi importante, pero non podemos esquecer que 27,3 millóns de euros están comprometidos, son de aqueles que os conseguiron e deben ser aplicados ao que está previsto. Se quitamos estes millóns, quedámonos cun 8%.

Por último, en canto ao programa de desgravacións, expón que a dotación orzamentaria é de 1,2 millóns de euros, e o que aporta a Xunta só ascende a 390.000 euros e a universidade pon o resto. O plan cubre actividades de profesores que non están incluídas en ningún outro documento.

Seguidamente, contesta á pregunta do Prof. Sánchez, expoñendo que seguramente as súas verbas provocaron algunha confusión porque efectivamente, o grao supón ensinanzas básicas que poden ser de carácter profesionalizante, pero básico, en cambio, o máster suporá especialización.

Finalmente, xa para rematar a súa intervención, manifesta o seu acordo coa observación do Sr. Rodríguez Sampayo sobre a mobilidade do PAS.

Intervén novamente o Sr. Cebro para engadir que no Consello de Goberno fixo xa mención da necesidade de que exista un posto sanitario no campus de Vigo, e agora engade que debería ser estudada esa proposta pola comisión de seguridade no traballo xunto coa xerencia.

A maiores sinala, en relación aos problemas informáticos, que a universidade ten recursos humanos suficientes pero que no están ben estruturados e danse moitos problemas de funcionamento.

O reitor resposta que xa se tomou nota do tema do posto sanitario e se remite ao xa dito no que respecta aos problemas informáticos.

Punto 3. Aprobación, se procede, dos Regulamentos de Réxime Interno do Consello de Campus de Ourense e de Pontevedra.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata da presentación para a súa aprobación das normas reguladoras da actuación interna dos Consellos de Campus de Ourense e Pontevedra. Ambos regulamentos teñen sido aprobados polos respectivos Consellos de Campus e informados favorablemente pola asesoría xurídica e revisados polo servizo de normalización lingüística.

Polo tanto, o que se trata aquí é de ratificar os textos xa aprobados polos Consellos de Campus e que constan na documentación remitida coa convocatoria de Claustro.

Apróbanse por asentimento os textos que constan no **anexo I**.

Punto 4. Aprobación se procede, da modificación do Regulamento de Centros Adscritos.

Preséntase para a aprobación polo Claustro unha proposta de modificación do Regulamento de Centros Adscritos, xa informada favorablemente pola asesoría xurídica.

A razón desta modificación é que o Regulamento de Centros Adscritos é do ano 2001, anterior, polo tanto aos Estatutos da Universidade do ano 2003. A maiores, debe terse en conta que a reforma da LOU incide de maneira especial no procedemento de adscrición dos centros á universidade e isto tamén ten que reflectirse no regulamento. Polo tanto, trátase, mais que dunha reforma, dunha adaptación necesaria ás novas normativas vixentes.

Apróbase por asentimento o texto recollido no **anexo II**.

Punto 5. Elección do seguinte posto vacante no Consello de Goberno: sector decanos/directores: 1

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que hai unha candidata presentada para unha praza vacante, o que fai innecesario facer votación.

Polo tanto ocupará o posto vacante no Consello de Goberno polo sector decanos/directores:

Dona Beatriz Iglesias Antelo. Directora do Departamento de Química Orgánica.

Punto 6. Elección dos seguintes postos vacantes na Comisión para a adaptación dos Estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU. Sector Estudiantes: 3.

Punto 7. Elección dos seguintes postos vacantes nas Comisións para a elaboración de regulamentos:

COMISIÓN Nº 1: Regulamento de réxime económico e contratación.
Regulamento de PAS.

Sector estudantes: 4

COMISIÓN Nº 3: Regulamento de profesorado.

Sector estudantes: 5

COMISIÓN Nº 4: Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia.
Regulamento de institutos universitarios.

Sector outro persoal docente e investigador: 1

Sector estudantes: 3

COMISIÓN Nº 5: Regulamento de centros.
Regulamento de departamentos.

Sector estudantes: 3

Sector persoal de administración e servizos: 1

COMISIÓN Nº 6: Regulamento de tribunal de garantías.
Regulamento de réxime disciplinario.

Sector outro persoal docente e investigador: 1

Sector estudantes: 4

Sector persoal de administración e servizos: 1

Non hai candidatos presentados para as comisións nº 1, nº 3 e nº 4.

No que respecta ás Comisións nº 5 e nº6 hai un candidato presentado para cada praza vacante polo sector do Persoal de Administración e Servizos. Isto fai innecesaria a votación.

Deste xeito, os novos membros polo sector Persoal de Administración e Servizos nestas comisións son os seguintes:

Na Comisión nº 5: Xoan Cebro Rodríguez.

Na Comisión nº 6: David Basalo Domínguez.

Para o próximo Claustro traerase de novo un punto na orde do día para completar os postos que aínda quedan vacantes nas distintas comisións.

Punto 8. Rogos e preguntas

Intervén a Prof^a. González Crespán quen manifesta a súa sorpresa polo contido do vídeo institucional da universidade, elaborado pola vicerreitoría de Relacións Institucionais e o Consello

Social, posto que se insiste no carácter urbano dos campus de Pontevedra e Ourense, en cambio en Vigo non se fai referencia á existencia de dependencias no casco urbano. Ante isto, roga que se revisen os textos de contido promocional da Universidade para que dean unha información completa e correcta do que é a nosa universidade.

Pide a palabra o Prof. Lago para manifestar o seu acordo coas verbas do reitor no relativo ao espazo europeo de educación superior, en canto supón cambio na metodoloxía, e tamén que non se queren reducir os cadros de profesorado. Pero, en cambio, non se falou da competitividade brutal con outras universidades, a este respecto, e como no leu aínda a normativa da universidade, non sabe se esta intervención supón un rogo o unha pregunta, quere saber se existe algunha garantía de que haberá unha discusión plural de cada grao.

Por outra parte, pregunta o Prof. Lago cales son as empresas que teñen solicitado espazo para estar en CITEXVI.


Resposta en primeiro lugar o reitor a esta última pregunta, sinalando que non recorda cales son as empresas, pero que isto é público e esa información tena o xerente de CITEXVI.

No relativo á primeira cuestión, sinala que haberá discusión plural en distintas etapas, primeiro debe existir acordo de todos os implicados, despois no centro, e seguidamente, no Consello de Goberno, Consello Social, para despois saír xa fora da Universidade: ACSUG e Consello Universitario.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:15 horas do día 20 de decembro de 2007, da que eu como secretaria xeral dou fe co Vº e pr. do reitor.

O reitor

Alberto Gago Rodríguez



secretaria xeral

Esther Mª González Pillado

